

X. Sousa Fernández (2008): “Voces de animais e voces humanas”, en E. Corral Díaz / L. Fontoira Suris / E. Moscoso Mato: *A mi dizen quantos amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 645-651.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

VOCES DE ANIMAIS E VOCES HUMANAS

Xulio Sousa Fernández

INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (USC)

To me, at least, the cock says not ‘cock-a-doodle doo’ as he calls to the English in the morning, not ‘cocorico’ as he says in French, nor ‘kiao kiao’ as in Chinese, but still ‘kikeriki’, as he says in German.

Ernst Gombrich, *Art and Illusion*

Nun fragmento moi recorrido de *Sempre en Galiza*, Castelao argumenta contra os que pretenden un idioma universal para toda a humanidade utilizando unha comparación entre o sistema de comunicación animal e o humano. Apunta Castelao que mentres os animais empregan un único idioma en todo o mundo, «un can de Turquía ouvea igual que un can de Dinamarca; un cabalo das Pampas arxentinas rincha igual que un cabalo de Bretaña», os humanos mostran a súa superioridade como especie na diversidade de linguas e de culturas (Castelao 1992). A suxerinte comparación empregada por Castelao ten hoxe menos forza como argumento que hai cincuenta anos. Os estudos de etoloxía animal demostraron hai algún tempo que entre os sons emitidos por animais dunha mesma especie se podían recoñecer variacións rexionais semellantes ás que se identifican para as linguas. Estas diferenzas rexionais foron advertidas en paxaros e nalgúns mamíferos mariños. Hai uns anos un grupo de ornitólogos norteamericanos identificou nunha área de monte duns dous mil copelos entre Oregón e California oito variedades distintas para o canto do *dendroica occidentalis*, un paxariño semellante ó ferreiriño (Janes e Ryker 2006). Estes estudosos non encontraron correspondencia nin relación entre as áreas ocupadas por cada unha das oito variedades e límites xeográficos ou de hábitat. Esta falta de coincidencia na distribución tamén se observa a miúdo ó analizar as variedades xeolingüísticas.

Pero a relación de semellanza máis coñecida entre as linguas e as voces animais non ten que ver coa existencia de diferenzas rexionais, senón co xeito en que as linguas humanas tentan imitar os sons animais. En galego o substantivo *cuco* e o verbo *rinchar* serven para mostrar que as linguas parecen crebar ás veces o principio xeral de arbitrariedade na relación entre referente e significante. Nas designacións de animais son bastante comúns nalgunhas linguas os casos de onomatopea asociativa en que se establece unha relación entre a forma sonora da palabra e un son vinculado co elemento ó que se fai referencia. Son exemplo deste tipo de asociación onomatopeica o galego *cuco*, ou, se nos fiamos de Sarmiento, o chinés *miau*¹. Para o portugués Nogueira ocupouse, con algún acerto, deste tipo de «palabras que designam animais pela voz que producen» e refire como nomes de probable orixe onomatopeica *bode*, *boi*, *bufo*, *cagarra*, *calhandra*, *chasco*, *cigarra*, *codorniz*, *corvo*, *cotovía* e *cuco*, entre outras (Nogueira 1950a, 161-167)². En galego estes casos son raros e onde máis exemplos de onomatopeas se atopan é nas denominacións de voces de animais. En moitas destas denominacións encóntranse bos exemplos de onomatopeas directas, aquelas en que o elemento denotado é un son ou conxunto de sons e a palabra empregada mostra semellanzas fonéticas co son referido.

Os materiais inéditos do *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (ALPI)* ofrecen un conxunto de informacións interesantes para coñecer as denominacións que emprega o galego para algunhas voces animais. Os datos que se expoñen a continuación están tirados das 53 enquisas realizadas en Galicia entre 1934 e 1935 para o *ALPI*, proxecto malogrado de atlas dos romances peninsulares dirixido por Tomás Navarro Tomás e impulsado no Centro de Estudios Históricos por Ramón Menéndez Pidal. Os materiais do *ALPI* de Galicia ofrecen unha imaxe da variedade rural falada por persoas de pouca instrución e de entre corenta e oitenta anos, a maioría delas homes.

Na parte do cuestionario do *Atlas Lingüístico da Península Ibérica* dedicada ó léxico dos animais domésticos hai unhas cantas preguntas que aparecen relacionadas coas voces ou berros de animais. Nestas preguntas solicítase información sobre a denominación de oito berros animais: 553e *Voz de la vaca (mujido)*, 553f *Voz de la oveja (balido)*, 553g *Voz del caballo (relincho)*, 553h *Voz del asno (rebuzno)*, 554 *Voz del gato*

1 No século XVIII Sarmiento vincula os berros animais e as denominacións correspondentes a partir dunha reflexión similar á de Castelao: «Las voces de animales y aves son las mismas en todo el mundo. En la China llaman al gato *miau* aludiendo a su voz, señal de que los gatos de la China hablan como los de Madrid» (Sarmiento 1970:283). En chinés mandarín a pronuncia de *gato* soa como *mao*.

2 Tamén para o portugués, José I. Louro ofrece unha relación de trinta nomes de paxaros de orixe onomatopeica (Louro 1951). O autor xustifica con desigual fortuna a formación onomatopeica destas voces, das que só menos de media dúcia coinciden coas da relación de Nogueira.

(*maullido*), 554a *Voz del cerdo (gruñido)*, 554b *Voz de la gallina (cacareo)* e 554c *Voz de la paloma (zureo)*. A información recollida para estas repostas, como ocorre con certa frecuencia nos cuestionarios de atlas lingüísticos, non sempre se corresponde de xeito exacto coa forma solicitada polos entrevistadores (Alvar 1998). Ó lado dos substantivos cos que se lles dá nome ós berros animais figuran tamén formas verbais (infinitivo ou terceira persoa do presente de indicativo), unhas veces como información complementaria e outras como única resposta. Nunhas poucas preguntas tamén se rexistran denominacións para os berros que emite o animal cando se encontra nun determinado estado: a galiña cando choca, o porco cando come, a pomba cando se apareia, etc. Estes materiais, amais do interese lexicográfico e dialectolóxico, serven para coñecer os principios que rexen en galego na selección destas denominacións.

1. *Voz da vaca*. A palabra máis repetida para a voz da vaca é *berro*, que, a pesar da aparencia onomatopeica, Corominas liga con moita seguridade co lat. VERRES ‘porco macho’. Ao lado desta forma recolléronse voces que semellan ter carácter onomatopeico, non exclusivas para a voz da vaca, e nas que é frecuente a combinación das consoantes /b/, /r/ e da vogal /u/: *brúio*, *bruído*, *bruúdo*, *bruio*, *bruazo*, *brudido*, *brullido*, *urro* e *urrido*³. Os verbos rexistrados nesta pregunta son formas ligadas formalmente ás anteriores e compostas polo mesmo grupo de sons (*bruar*, *bradar*, *bruiar*, *urrar*). Tamén se encontran verbos de orixe onomatopeica dos que forman parte a consoante nasal /m/ e a vogal /u/ (*muar*, *muir*, *muñar*). Moito menos comúns son as formas *mear* e *meiar*, que tampouco son exclusivas deste animal e se rexistran tamén para as voces de ovellas e gatos. Algúns informantes advirten que estes dous últimos verbos son utilizados de xeito específico para denominar o berro co que a vaca chama pola cría. As formas *esborreco* e *esborrecar* empréganse nuns poucos lugares para o berro forte que emite a vaca ó ser incomodada.

2. *Voz da ovella*. As formas *berro* e *berrar* son as respostas máis repetidas para facer referencia ós berros da ovella. Tanto *berro* como *berrar* (tamén *berrear*) son palabras específicas para a voz da ovella nas variedades romances occidentais da península⁴. As voces vinculadas e próximas formalmente a *berrar* como *berrido*, *berrego* e *esborreco* son moito menos frecuentes. Para a última Alvar supón unha relación co latín BORRO ‘carneiro’ e un posible cruce co descendente de VERRES (Alvar 1998). Nogueira ofrece unha interesante reflexión sobre a orixe de *berrar* e dalgunha destas voces asociadas ós

3 A. Otero recolle *urrar* co significado de «Mugir el buey por la querencia de otro» (Otero 1965:68).

4 As dúas figuran en dicionarios, vocabularios e atlas lingüísticos de Portugal, Asturias, Cantabria, zona occidental de Castela e León, Extremadura e boa parte do centro e occidente de Andalucía. O refrán *ovella que berra bocado que perde* rexístrase con distintas variantes en moitos lugares desta faixa occidental e sempre cos verbos *berrar* ou *berrear*.

berros da ovella e da cabra. Este estudoso supón unha orixe común para o portugués *berrar* e o castelán *berrear*. Aínda que non considera disparada a hipótese proposta por Meyer-Lübke, retomada despois por Corominas, da orixe no latín *VERRES*, coida máis satisfactoria e simple unha explicación con orixe en formas imitativas das voces da cabra e da ovella (Nogueira 1950a:188-193).

Os verbos de orixe onomatopeica *mear* e *meiar*, empregados tamén para outros animais, rexístranse nuns poucos lugar e sen ningunha forma substantiva asociada.

3. *Voz do cabalo*. As voces recollidas para o berro característico do cabalo mostran bastante variación, aínda que a maioría responde a unha composición fonética básica semellante. As respostas máis frecuentes comparten a secuencia inicial /rintʃ/, con seguridade de orixe onomatopeica, aínda que ó parecer xa con ascendencia nunha forma tamén imitativa latina *HINNIRE* (Corominas 1991, s.v. *relinchar*): *rincho*, *rincha*, *rinchón*, *relincho*, *rinchadela*, *rinchido* e *rinchar*. O outro grupo de formas, que ocorren con menor frecuencia, ten como inicio as secuencias /griɲ/, /gruɲ/, /greɲ/, /grin/, estas dúas últimas moito menos comúns: *griñido*, *griñón*, *griño*, *griñidela*, *gruño* e *grinido*. Nas formas verbais aparecen os mesmos grupos de sons con algunhas variacións: *greñido*, *esgreñir*, *griñir*, *esguinar* e *grañir*.

4. *Voz do burro*. No caso das voces relacionados co berro do burro descóbrese pouca diversidade nas repostas. Tanto os substantivos como os verbos son variantes vinculadas formalmente coa voz en aparencia de orixe onomatopeica *ornear*: *orneo*, *orneio*, *ornido*, *orneído*, *orneazo* e *orniar*. Se seguimos a Corominas, esta voz, rexistrada nas variedades faladas no noroeste da península, está vinculada na súa orixe coa palabra do inglés actual *horn* 'corno'. O lexicógrafo catalán mesmo propón unha vinculación con *ornión*, unha das denominacións do roncón da gaita (Corominas 1991, s.v. *rebuznar*). Pola súa parte, Nogueira e Machado non dubidan en clasificala como denominación de orixe onomatopeica (Nogueira 1950a:42; Machado 1977, s.v. *ornear*, *ornejar*).

5. *Voz do gato*. As voces máis comúns para referirse ó berro do gato teñen aparencia onomatopeica (Corominas 1991, s.v. *maullar*) e están formadas por consoantes nasais /m/, /ɲ/ e vogais palatais /e/, /i/: *meo*, *mío*, *miaño*, *mear*, *miar*, *maiar*, *miañar* e *muañar*. Rexístrase tamén con certa frecuencia como repostas alternativas o substantivo *berro*.

6. *Voz do porco*. As formas que máis se repiten para a denominación da voz do porco presentan a secuencia /ro/ e unha consoante nasal: *roncar*, *roñar*, *ronchar*. Tamén son bastante frecuentes verbos que se rexistran asociados ás voces doutros animais: *gruñir*, *ganir*, *croar* e *chiar*. Os poucos substantivos que se recolleron para esta pregunta están ligados derivativamente coas anteriores formas verbais: *roño*, *gruñido* e *griño*. As

variantes *cuincar* e *cuiñar* asóciase ó significado específico ‘berrar o porco cando se agarra’.

7. *Voz da galiña*. Nas voces recollidas para o son característico da galiña rexistrouse pouca variación. As formas máis comúns son variantes ou derivadas do verbo de orixe onomatopeica *cacarexar*: *cacarexo*, *cascarexo*, *cascarexada*, *cacarexar*, *escacarexar*, *escacarexar*, *cacarear* e *cacareliar* (Corominas 1991, s.v. *cacarear*). O verbo *cantar* recolleuse en tres lugares coas indicacións de ‘cando a galiña acaba de poñer’ e ‘cando a galiña choca’. Tamén se rexistraron como respostas secundarias, aínda que sen ningunha anotación sobre o seu significado, os verbos *caquelear* e *cloquear*.

8. *Voz da pomba*. Na pregunta referida á voz da pomba só se obtivo resposta na metade dos puntos enquisados. As formas máis repetidas están relacionadas formalmente coa voz onomatopeica *rular* (Corominas 1991, s.v. *arrullar*): *arrulo*, *arrular*, *arruar* e *rulear*. Sarmiento fai referencia á orixe onomatopeica desta voz: «La tórtola se llama en gallego *rula*, por *onomatopeya* de su voz o *arrullo*, *ru*, *ru*, *ru*. Otros la llaman *ròla*. Su latín es *turtur*, y creo que también se llamó así por *onomatopeya*, de *tur*, *tur*, *tur*» (Sarmiento 1970:424). O verbo *bruar* e o substantivo *bruído* rexistráronse só nuns poucos lugares, e os mesmos informantes advirten que tamén se utilizan para a denominación dos berros da vaca.

Acostuma considerarse característica común ás linguas a tendencia a procurar nomes onomatopeicos para denominar certos sons animais (Nogueira 1950b, Malkiel 1990, Hays 1994, Hinton 1994, Bredin 1996, Duranti 1997). Esta tendencia, que parece instintiva, non supón na práctica que todas as linguas acudan ás mesmas expresións lingüísticas para denominar os sons animais⁵. O historiador da arte austríaco Ernst Gombrich, como reza na cita da cabeceira, recoñecía que unhas linguas acertan mellor ca outras na imitación dos sons animais. O carácter imitativo destas voces non ten sempre como consecuencia a semellanza nas denominacións entre as linguas. Por unha banda, a capacidade das linguas para reproducir sons naturais está limitada, xa que o repertorio de sons lingüísticos é restrinxido; por outra parte, mesmo para este tipo de denominacións motivadas case todas as linguas recorren dalgún xeito á convencionalidade.

No estudo interlingüístico das denominacións para as voces animais, e en xeral do fonosimbolismo, descóbreanse unhas veces tendencias que semellan universais e

5 Malkiel deu conta da tendencia nas linguas indoeuropeas a empregar o son /r/ para os nomes da ra. Berlin, uns anos máis tarde, demostrou que esta tendencia tamén se confirma en linguas non indoeuropeas, nas que tamén son frecuentes os nomes con /l/ e /r/ para sapos e ras. En 1994 Hays revisou as propostas anteriores, engadiu novos datos e comprobou unha forte ocorrencia de sons velares na denominación das ras en linguas de todo o mundo (Duranti 1997:206).

outras comportamentos bastante singulares. Tamén na análise das variedades dun mesmo ámbito lingüístico se poden encontrar exemplos que axudan a comprender mellor coincidencias nas denominacións onomatopeicas.

Nos materiais de Galicia do *ALPI* analizados recoñécese esta tendencia a acudir a formas de orixe onomatopeica para as denominacións de berros animais. En cada un dos grupos das series apréciase a recorrencia dalgúns sons e grupos de sons nas formas denominativas: consoantes labiais e vogal /u/ para a vaca; consoantes labiais e /r/ para a ovella; os grupos /rintʃ/ e /grij/ para o cabalo; a forma *ornear* como única para o burro; o grupo /mia/ para o gato; a secuencia /ro/ para o porco; /kakareʃ/ para a galiña; e /ru/ para os escasos exemplos recollidos para a pomba. A maioría destas formas son compartidas polo galego con outras variedades romances próximas e teñen un antecedente latino tamén onomatopeico. Algunha destas palabras que se orixinaron como denominacións específicas de berros animais estenderon o seu uso e ampliaron o seu significado. O mellor exemplo desta extensión de significado encóntrase en *berrar*, que hoxe relacionamos primeiro con voces humanas ca con voces de animais, pero que ben puidera ter a súa primeira orixe nun forma onomatopeica asociada ás voces de ovelas e cabras.

Bibliografía

- ALVAR, Manuel (1998): «Onomatopeyas, gritos de animales y lexicalizaciones», en C. de Paepe / N. Delbecque (coord.): *Estudios en honor del profesor Josse de Kock*. Leuven: Leuven University Press, 13-22.
- BREDIN, Hugh (1996): «Onomatopoeia as a Figure and a Linguistic Principle», *New Literary History*, 27:555-569.
- CASTELAO [A. D. RODRÍGUEZ] (1992): *Sempre en Galiza*. Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia / Universidade de Santiago de Compostela.
- COROMINAS, Joan / José Antonio Pascual (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos
- DURANTI, Alessandro (1997): *Linguistic Anthropology*. Cambridge: Cambridge University Press
- GOMBRICH, Ernst (1960): *Art and Illusion: A Study in the Psychology of Pictorial Representation*. New York: Pantheon Books, Inc.
- HAYS, Terence (1994): «Sound symbolims, Onomatopoeia, and New Guinea Frog Names», *Journal of Linguistic Anthropology*, 4(2):153-174
- HINTON, L. / J. NICHOLS / J. OHALA (eds.) (1994): *Sound symbolism*. Cambridge: University Press.

- JANES, S. / L. RYKER (2006): «Singing of Hermit Warblers: Dialects of type I songs», *Condor. Journal of The Cooper Ornithological Society*, 108, 2, 336-347.
- LOURO, José Inês (1951): «Alguns nomes de aves de origem onomatopeica», *Boletim de Filologia*, XII-1, 104-116.
- MACHADO, José Pedro (1977³): *Dicionário etimológico da língua portuguesa*. Lisboa: Livros Horizonte.
- MALKIEL, Yakov (1990): *Diachronic problems in phonosymbolism*. Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins Publishing Company.
- NOGUEIRA, Rodrigo de Sá (1950a): *Estudos sobre as onomatopeias*. Lisboa: Livraria Clássica Editora.
- NOGUEIRA, Rodrigo de Sá (1950b): *As onomatopeias e o problema da origem da linguagem*. Lisboa: Livraria Clássica Editora.
- NUCKOLLS, Janis B. (1999): «The case for sound symbolism», *Annual Review of Anthropology* 28, 255-282.
- OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1965): «Voces onomatopéyicas del gallego-portugués», en *Homenaje al Excmo. Sr. D. Emilio Alarcos García*. Valladolid: Universidad de Valladolid, 63-72.
- SARMIENTO, Fr. Martín (1970): *Colección de voces y frases gallegas*. Salamanca: Universidad de Salamanca (edición e estudo de J.L. Pensado).
- SHARP, Harriet / Beatrice WARREN (1994): «The Semantics of Onomatopoeic Words», *Folia Linguistica* XXVIII, 3-4: 438-447.